



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Nomeamento de persoal laboral fixo. Operarios de limpeza

ANUNCIO.

Exp. 2022/E001/000012

Con data de 16/12/2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 1810/2024 co seguinte contido:

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05 procedeuse a aprobar a oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego e que esta foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que entre outras se recollía a seguinte praza:

PERSOAL LABORAL

Grupo	Denominación	Vacantes	Nivel de titulación	Forma de provisión	Quenda	Código RPT
V	Operario de limpeza	2	Estudos primarios.	Concurso	Estabilización	05.02.02 05.02.03

LOGO DE VER que medinte resolución de Alcaldía nº 1783/2022 do 22/12 se procederon a aprobar a convocatoria e as bases de selección de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público

LOGO DE VER que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 28 de decembro de 2022 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio da convocatoria no DOG nº 57 do 22/03/2023 e no BOE nº 162 do 05/07/2024

LOGO DE VER que transcorrido o prazo para a presentación de instancias, ditouse resolución desta Alcaldía nº 1496/2024 do 23/10 de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no citado proceso de selección, nomeamento de tribunal e sinalamento do día e hora de realización da primeira sesión, concedendo un prazo de dez días naturais para a presentación de alegacións ou subsanacións de deficiencias polos aspirantes.

LOGO DE VER que a citada resolución foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 209 do 29/10/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso.

LOGO DE VER que mediante Resolución de Alcaldía nº 1659/2024 do 18/11 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos que foi igualmente obxecto de publicación no BOP nº 226 do 22/11/2024.

LOGO DE TER realizada a correspondente valoración de méritos e no seu caso todas as probas establecidas nas bases de valoración e vista a acta do Tribunal de valoración de data 12/12/2024 que foi obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello coa mesma data de 12/12/2024, na que se propón nomear a D. Ricardo Fernández Vázquez e a D. Jaime Noya Fernández para os dous postos de operario de limpeza como persoal laboral fixo por unanimidade dos membros do Tribunal con dereito a voto.

LOGO DE VER que D. Ricardo Fernández Vázquez con data de 13/12/2024 (RE nº 202400000003879) e D. Jaime Noya Fernández con data de 13/12/2024 (RE nº 202400000003885) presentaron en prazo a documentación sinalada na base 11 das bases de selección que rexen o presente proceso de contratación.

LOGO DE VER que no mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, os aspirantes seleccionados sometéronse a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e que o resultado do citado recoñecemento foi apto.

TENDO EN CONTA, as competencias que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto nas bases décimo primeira RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear e proceder consecuentemente a contratar baixo a modalidade de contrato laboral fixo para o posto de operario de limpeza a D. Ricardo Fernández Vázquez con DNI nº ***6408** e a D. Jaime Noya Fernández con DNI nº ***6404**.

Os propostos terán un prazo de 7 días naturais contados desde a notificación da presente para comparecer a fin de formalizar o oportuno contrato.

Deberá comunicar por escrito a data na que pretende comparecer para a formalización do contrato a lo menos con 2 días de antelación.

De non comparecer no prazo de 7 días naturais anteriormente indicados, sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante e procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante que tivera a mellor puntuación para que aporte a documentación sinalada nestas bases e formalice o contrato laboral.

SEGUNDO: Adscribir a D. Ricardo Fernández Vázquez ao posto de operario de limpeza da Relación de Postos de Traballo do Concello identificado co código 05.02.02, adscrito ao departamento de Obras e Servizos, Brigada de Servizos Básicos, Grupo V, Nivel 12.

TERCEIRO: Adscribir a D. Jaime Noya Fernández ao posto de operario de limpeza da Relación de Postos de Traballo do Concello identificado co código 05.02.03, adscrito ao departamento de Obras e Servizos, Brigada de Servizos Básicos, Grupo V, Nivel 12.

CUARTO: Proceder a notificar a presente aos interesados así como á súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

O que se publica para xeral coñecemento facendo constar que este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 116.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 117.2 e 43.2 da dita Lei 30/1992).

Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Oroso, 17 de decembro de 2024

O alcalde da Corporación.

Alexander Doval Expósito.

2024/9129